

PERSUASIÓN

Cadernos para a creación e a cultura
nº 2

Julia Ferradás Crespo
Maruxiña Ferradás Crespo
(fotografías)

Dores Tembrás
(textos)

FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)
Lalín, febreiro de 2016

PERSUASIÓN
Cadernos para a creación e a cultura, nº 2
Lalín, 2016

Imaxes: Julia Ferradás Crespo e Maruxiña Ferradás Crespo
Textos: Dores Tembrás
Edita: FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)
<http://focucu.wordpress.com>

Publicado baixo licenza Creative Commons BY-NC-SA
Poden realizarse copias desta obra e obras derivadas
coa condición de que se recoñeza expresamente
a autoría da obra orixinal,
que se faga referencia á fonte
e as obras resultantes sexan publicados
baixo a mesma licenza



Julia Ferradás Crespo

En tódalas artes, é unicamente a luz,
a luz incorruptíbel, o que conta.

G. Apollinaire



Secuencia primeira

non hai espello
simetría si
centímetros de lenzo a trasnoite
escorando
o rigor delicado do ofrecemento
non capta a fractura da ventá
nin a auga da que bebeu a besta
nin a herba que paceu por maio
saen no encadre

isto fala da túa ollada
podemos encubrilo
como queiras
branco e negro
enfoque nido
podemos inventar
o western
o vento que move a crin

coidado
todo distraccións

pero a cambio

esta luz de turmalina
adoecendo













...

Maruxiña Ferradás Crespo





A anchura maior dos ombreiros contén
en si mesma a cuarta parte dun home.
Leonardo da Vinci

je t'embrasse

era a luz sobre o ángulo
ou o ángulo?
un seguir cos ollos
coas xemas
o perfil da magnolia
a imposibilidade da curva
no índice


de cando en vez
a man picada do alfinete
repasaba o peito resgado
co fio
catro cuartos

alzabas

esta crónica da luz







Grazas, seguimos

Este caderno dixital
foi construído en Compostela
en febreiro de 2016
Para a súa composición utilizáronse
programas e tipografías de código aberto

Deseño: luagris.net